



NOTA INFORMATIVA SOBRE A GRIPE AVIARIA DE INTERESE PARA PERSOAS TITULARES DE CURRAIS AVÍCOLAS FAMILIARES

Nos últimos meses detectáronse tanto en Europa como en España diversos casos de gripe aviaria en aves silvestres e aves de curral. Aínda que os casos detectados foron producidos por un tipo de virus que só causa enfermidade nas aves, e polo tanto non eran perigosos para a saúde das persoas, resulta necesario establecer unha serie de medidas preventivas para tratar de evitar a aparición desta patoloxía nas aves de curral de Galicia.

Dentro destas medidas, a Orde APA/2442/2006, de 27 de xullo, pola que se establecen medidas específicas de protección en relación coa influenza aviaria, sinala a obrigatoriedade de crear un rexistro administrativo de explotacións avícolas non comerciais (currais familiares) en determinadas zonas de especial risco de aparición da gripe aviaria, entre as que se atopa o seu Concello.

Este rexistro só ten por finalidade o coñecemento por parte da Consellería do Medio Rural da existencia e localización destes currais, información necesaria desde o punto de vista da sanidade animal para tomar as medidas preventivas necesarias no caso de aparición da gripe aviaria no noso territorio. O rexistro non ten ningunha outra finalidade nin supón ningún custe económico, polo que non lle ocasiona ningún prexuízo ás persoas titulares destes currais.

Para colaborar na elaboración deste censo de currais familiares, no caso de ter aves de curral debe cubrir o correspondente formulario, que estará á súa disposición tanto nas dependencias do seu Concello, como na Oficina Agraria Comarcal da Consellería do Medio Rural. Do mesmo xeito, tamén poderá entregar o formulario unha vez cuberto no propio Concello, ou na dita Oficina Comarcal. No caso de que vostede non posúa aves de curral neste momento pero adoite telas, debe cubrir igualmente cubrir o formulario.

Recórdanse tamén as medidas preventivas respecto a esta enfermidade que contempla a normativa actualmente vixente:

- Nos concellos de **Sanxenxo, O Grove, Meaño, Ribadumia, Cambados, A Illa de Arousa, e Vilanova de Arousa**, as persoas que críen aves de curral deben recluílas en espazos cubertos. No caso de non contar con instalacións cubertas, e sempre que os comedeiros e bebedeiros das aves estean illados do exterior, pódense manter as aves no exterior cubertas cunha malla paxareira ou dispositivo similar que impida o contacto con aves silvestres. No caso de que se críen parrulos ou gansos debe facerse separadamente das demais especies de aves se as houbera.

- Nos concellos de **Ortigueira, Cariño, Ribeira, Porto do Son, Dumbría, Mazaricos, Vimianzo, Zas, Ribadeo, Trabada, Vilar de Santos, Sandiás, Porqueira, Xinzo de Limia, Rairiz de Veiga, A Guarda, O Rosal, Tomiño, Tui, Pontevedra, Soutomaior, Redondela, Moaña, Vilaboia, Marín, Vilagarcía de Arousa, Meis, e Poio**, as anteriores medidas de protección non son obrigatorias, aínda que a Consellería do Medio Rural entende que son recomendables, especialmente gardar os comedeiros e bebedeiros en instalacións cubertas así como non subministrar ás aves criadas auga procedente de correntes superficiais ás que puideran ter accedido aves silvestres.

Se precisa máis información pode dirixirse ao seu concello ou aos Servizos Veterinarios Oficiais da Oficina Agraria Comarcal máis próxima. Ademais, a Consellería do Medio Rural puxo á súa disposición o número de teléfono **012**, onde pode comunicar calquera mortalidade ou enfermidade anormal que observe nas súas aves e que poda ser sospeitosa da gripe aviaria.

Santiago de Compostela, 20 de marzo de 2017

Consellería do Medio Rural